


O RELATO POPULAR



Transmítese oralmente e vai medrando co paso do tempo, manténdose na súa estrutura, pero admitindo variacións. De autoría colectiva, nunca se pode dar por absolutamente fixado. É frecuente que se rexistre por escrito moito despois de nacer e mesmo que existan varias tradicións distintas do mesmo relato. Ás veces estes contos poden ter derivacións que se mesturan e interactúan entre si dando lugar a "materias" literarias como a "materia artúrica" podendo tamén entrar na literatura de autor a través das revisións que delas se fan ao longo da historia.

As lendas e os mitos teñen estas mesmas características aínda que se constituísen en xéneros independentes. A diferenza do relato ou conto popular, estes ofrécese como relatos verídicos e o relato popular, en troca, preséntase como ficción e non ten maiores pretensións.

A carencia



O conto comeza cunha "carencia". Se todo funciona ben, non hai conto. A carencia é calquera acontecemento que rompe o equilibrio preexistente á historia: unha herdanza, un abandono, un exilio, unha ameaza, unha traizón ou unha prohibición, que desencadenará a toma de decisións por parte do heroe.

O antagonista e o engano



O antagonista é aquel
personaxe que no conto só
procura o dano do heroe.
Engánao e consegue facer del
unha vítima; o heroe,
inicialmente, debe ceder ante o
agresor, cumprir un desafío ou
un castigo, marchar ou
enfrentarse a un cruel destino.

A proba, o regalo,
a viaxe, a loita...




Trala primeira derrota, o heroe debe superar unha proba, realizar unha viaxe -case sempre en procura de algo- ou enfrontarse a un inimigo moi poderoso e superior en forzas a el... Malia todo, o heroe conta cunha axuda, un consello ou un obxecto marabilloso que lle axudarán na súa empresa, o regalo.

A persecución,
a vitoria, o regreso,
a voda... a reparación
da ofensa.



Trala solución correcta da proba, a
vitoria no enfrontamento, o éxito
na procura... o heroe obtén o seu
premio: acada riquezas, casa co seu
amor ou simplemente volve á casa.
En calquera caso, as augas volven
ao seu, o dano é reparado e os
antagonistas reciben o seu castigo.
É dicir, remata a historia.

Os relatos tradicionais repítense e viaxan



Unha característica do conto tradicional é que viaxa moito. Historias semellantes cóntanse ao longo do tempo en diversos lugares do mundo, pero cada comunidade tinguéas coa súa particular maneira de interpretar a vida. Forman parte do patrimonio inmaterial de cada pobo. Gardan a súa memoria e a súa alma e por todas partes tamén están en perigo de extinción.

Un conto chino



MOLA

Hai moito, moito tempo, o pobo da nacionalidade “iugu” atravesou o deserto de Gobi, a canda os seus camelos, vacas e ovellas, pasando por pantanos moi brañentos. Atravesando a estepa e camiñando, camiñando, chegou desde o distante Xinjiang ata o pé das montañas Qilian, en Gansu...

Un conto de Ecuador



LA HISTORIA DE CANTUÑA

Pero un día, cuando regresaba a su casa, salió de entre las piedras un hombrecillo vestido de rojo con patillas y barba muy puntiaguda que le dijo:

-Soy Satanás, quiero ayudarte. Yo puedo acabar el campanario de la iglesia en tu lugar, antes de que caiga el sol. En pago, me darás tu alma. ¿Aceptas?

Un conto de África



POR QUE A XIRAFAS NON DI NADA?

Deus, despois da Creación, preguntou aos animais se algún desexaba algo en especial e a xirafa dixo:

-A min habíame gustar ser sabia.

Daquela Deus ordenoulle que non falase máis, porque os que moito falan son uns trapalleiros e os sabios falan pouco e sempre escoitan.

Desde ese momento a xirafa olla para abaixo, olla e escoita, pero non dá fala.

Un conto galego



Chegou un día un ao ceo e cando topou con San Pedro, o santo díxolle:

- Non, ti non podes pasar que non fixeches ningunha boa obra.
- Como que non! Deille tres perras chicas unha vez a un pobre.

E San Pedro foi falar con Noso Señor a ver se o deixaba pasar.

- E que fixo bo?
- Deulle tres perras chicas a un pobre.
- Máis nada? Pois logo devólvelle as tres perras chicas e que marche pra o inferno con elas.

A materia de Bretaña



Aquel dia que vos eu digo, directamente quando queriam poer as mesas –esto era ora de noa– aveeo que üa donzela chegou i, mui fremosa e mui bem vestida. E entrou no paaço a pee, como mandadeira. Ela começou a catar de üa parte e da outra, pelo paaço; e perguntavam-na que demandava.

– Eu demando –disse ela– por Dom Lançarot do Lago. É aqui?

– Si, donzela –isse üu cavaleiro. Veede-lo: stá aaquela freesta, falando com Dom Gualvam.

Ela foi logo pera el e salvô-o. Ele, tanto que a vio, recebeo-a mui bem e abraçou-a, ca aquela era üa das donzelas que moravam na Insoa da Lediça, que a filha Amida del-rei Peles amava mais que donzela da sua companha.

–Ai, donzela! – isse Lançalot– que ventura vos adusse aqui, que bem sei que sem razom nom veestes vós?

–Senhor, verdade é; mais rogo-vos, se vos aprouguer, que vaades comigo aaquela foresta de Camaalot; e sabede que manhã, ora de comer, seeredes aqui.